



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 16 de xaneiro de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/17001

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: ETS Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

Tras analizar a documentación da praza 25/17001, as reclamacións presentadas por D. Luis Omar Álvarez Mures, D. Andrés Figuero Pérez, D. Pedro Meira Rodríguez e D. Adolfo Molada Tebar, o informe da Comisión de selección e a nova proposta de provisión da cita Comisión asinada con data 8/1/2026, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 16 de xaneiro de 2026, acorda:

- ratificar a revisión da valoración dos méritos da sección III. 1 Publicacións científicas de D. Luis Omar Álvarez Mures realizada pola Comisión de selección con data 8/1/2026
- ratificar a revisión da valoración das teses de doutoramento de D. Manuel Alberto Regueiro Picallo, D^a Gemma Rojo López e D. Manuel Ruiz Veiga realizada pola Comisión de selección con data 8/1/2026 a raíz da reclamación presentada por D. Andrés Figuero Pérez
- desestimar a reclamación realizada por D. Pedro Meira Rodríguez contra a valoración do punto I.1 Expediente académico por ser correcta e axustada aos criterios previamente establecidos pola Comisión de selección
- desestimar a reclamación de D. Adolfo Molada Tebar contra a valoración do punto I.1 Expediente académico por ser correcta a realizada pola Comisión de selección (42.5 puntos)
- ratificar a valoración revisada do mérito alegado por D. Adolfo Molar Tebada no punto I.2 Tese de doutoramento realizada pola Comisión de selección con data 8/1/2026
- desestimar a reclamación de D. Adolfo Molada Tebar contra a valoración do punto II.1 Docencia universitaria por ser procedente a valoración realizada pola Comisión de selección
- desestimar a reclamación de D. Adolfo Molada Tebar contra a valoración do punto III.2 Comunicacións en reunións científicas porque, conforme permite a *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador* (aprobada polo Consello de goberno de 7/11/2024) –en adiante *Normativa*– para as áreas de Enxeñaría, a Comisión de selección valorou estas contribucións no punto III.1 Publicacións científicas



- desestimar a reclamación de D. Adolfo Molada Tebar contra a valoración do punto III.3 Bolsas e contratos predoutorais por estaren valorados os seus méritos conforme á *Normativa*
- desestimar a reclamación de D. Adolfo Molada Tebar contra a valoración do punto III.4 Estadías pre e posdoutorais por non estaren os méritos alegados correctamente documentados
- solicitar da Comisión de selección que revise a valoración dos méritos alegados por D. Adolfo Molada Tebar no punto III.6 Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación para que proceda a valorar unicamente os proxectos especificamente mencionados na *Normativa* e debidamente documentados conforme ao aí establecido, e sempre que quede acreditada a participación do candidato como investigador principal, membro do equipo de investigación ou do de traballo, non como mero colaborador
- desestimar a reclamación de D. Adolfo Molada Tebar contra a valoración do punto IV. Experiencia profesional por estaren valorados os méritos correctamente documentados conforme á *Normativa*
- solicitar da Comisión de selección o envío dunha nova proposta de provisión e do respectivo Excel que teña en conta, cando proceda, o sinalado nos puntos anteriores
- facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández